

Primeiro. Persoas beneficiarias

Persoas físicas ou xurídicas que teñan a condición de propietarias do inmovible no que se executen as obras, tanto se son comunidades ou mancomunidades de persoas propietarias legalmente constituídas, como agrupacións de persoas propietarias ou persoas propietarias únicas de edificios de vivendas, que promovan e executen ou teñan executado as actuacións obxecto de fomento no período comprendido entre o 01 de xaneiro e o 15 de outubro de 2025.

Segundo. Obxecto

Fomento da mellora da accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas en edificacións residenciais colectivas existentes no termo municipal de Vigo, ubicadas en solo clasificado como urbano, con antigüidade superior a 20 anos e unha altura superior a dúas plantas máis o baixo.

Terceiro. Bases reguladoras

As Bases reguladoras, así como os seus anexos, publicáronse no BOP de Pontevedra n.º 98, do martes 21 de maio de 2024, así como no Portal de transparencia do Concello de Vigo <https://transparencia.vigo.org/>.

Cuarto. Contía

A cuantía destinada a estas axudas, que se convocan en réxime de concorrência competitiva e que terán o carácter de subvención a fondo perdido ascende a 50.000 euros. A contía máxima subvencionable por edificación residencial colectiva é de 3.000 euros. Non existe límite de persoas beneficiarias.

O procedemento de adxudicación realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración establecidos nas Bases, adxudicándose as axudas proporcionalmente á puntuación obtida cun máximo de 100 puntos.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Tres meses a contar dende o día seguinte á publicación do presente extracto no BOP de Pontevedra, por conducto da BDNS.

Sexto. Outros datos

Acordo de convocatoria: Resolución da Concelleira Delegada da área de Goberno de Urbanismo e Vivenda de data 20.03.2025, tomada en coñecemento polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de data 01.04.2025.

Gastos subvencionables: tanto a execución material da obra como os honorarios correspondentes á redacción da documentación técnica preceptiva.

Anticipos: non se admiten solicitudes de abonos a conta ou anticipos.

Compatibilidade: estas axudas municipais son compatibles con outras subvencións para a mesma finalidade.

Criterios de valoración: antigüidade, número de plantas, ocupación, accesibilidade de residentes, presuposto de execución e catalogación.

Título habilitante: licenza municipal de obras e/ou comunicación previa de obras, acompañadas da documentación técnica preceptiva.

Prazo de resolución: 3 meses

Prazo de xustificación: ata o 1 de novembro de 2025.

Anexos: existen modelos normalizados de solicitudes e xustificación.

Abono: transferencia bancaria.

Vigo, na data da sinatura dixital

A Concelleira Delegada da área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, María José Caride Estévez (Resolución do Presidente de 4.07.2023 – BOP núm. 136 do 14.07.2023)